Proxecto sección bilingüe
Economía
(1º Bacharelato)

Data aprobación: ***18/05/2016***

Data última versión: ***18/05/2016***

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. Lama das Quendas
R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982 870 223 – Fax: 982 870 233
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas
ies.lama.quendas@edu.xunta.es

ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCIÓN 2

2. ETAPA, CURSO E MATERIA NA QUE SE DESENVOLVERÁ O PLAN 3

3. PROFESORADO E ALUMNADO PARTICIPANTE 3

4. OBXECTIVOS PROPOSTOS 3

5. CONTIDOS ESPECÍFICOS DA MATERIA 4

6. CONTIDOS DE CARÁCTER LINGÜÍSTICO 12

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS 12

8. PAUTAS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO 15

9. ORZAMENTO PREVISTO 17

1. INTRODUCIÓN

A comunicación nunha lingua estranxeira é considerada desde a Comisión Europea como unha competencia clave dentro da sociedade do coñecemento, na cal a aprendizaxe de linguas constitúe un elemento esencial no proceso de construción dunha identidade europea.

Constátase que a aprendizaxe de linguas e a súa utilización como vehículo de comunicación cobran unha crecente importancia no marco plurilingüe e pluricultural da Unión Europea, no que a mobilidade e a cooperación entre países vai en aumento.

A necesidade non só de coñecer, se non tamén de utilizar unha ou varias linguas estranxeiras manifféstase en tódolos sectores da nosa sociedade.

Unha maior competencia nunha lingua estranxeira pode supoñer un acceso máis doado ao mercado laboral, e contribúe a mellorar as competencias e as habilidades para usar materiais profesionais en idiomas estranxeiros.

Por todo isto, pensamos que a incorporación dunha lingua estranxeira falada na Unión Europea na ensinanza dalgunha das materias non lingüísticas ofertadas polo centro, pode ser de moita utilidade para o noso alumnado. Deste xeito poderíase fomentar o desenvolvemento das súas competencias lingüísticas nesa lingua estranxeira, cos diversos beneficios que isto reportaría.

A presentación deste proxecto está baseada no noso interese de contribuír a acadar o obxectivo anterior, participando no plan de sección bilingües, polo que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ven apostando para promover o ensino CLIL (Content and Language Integrated Learning) ou AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Lingua Estranxeira).

2. ETAPA, CURSO E MATERIA NA QUE SE DESENVOLVERÁ O PLAN

A sección bilingüe implantarase na materia *Economía*, impartida polo Departamento de Economía do centro. Trátase dunha materia de opción troncal do primeiro curso de Bacharelato da Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

O idioma estranxeiro elixido para o desenvolvemento da sección bilingüe é o inglés.

3. PROFESORADO E ALUMNADO PARTICIPANTE

O equipo de profesorado participante na sección bilingüe estará formado por:

- Eusebio Antonio Fraga Castro, como profesor da materia de Economía.
- Unha profesora ou profesor do Departamento de Inglés, que impartirá a materia de inglés ao alumnado participante na sección bilingüe, e que exercerá as tarefas de coordinación.

O alumnado que participará na sección bilingüe será unha relación de alumnas e alumnos, de entre todas e todos os que van escoller a materia de Economía en primeiro curso de Bacharelato, que se compromete a tal fin. Os pais, as nais ou os titores legais do alumnado deberán firmar unha autorización para a incorporación e este tipo de ensinanza.

4. OBXECTIVOS PROPOSTOS

Os obxectivos que se pretenden acadar co desenvolvemento da sección bilingüe na materia de Economía son os seguintes:

a) Acadar os obxectivos e desenvolver os contidos especificados na programación didáctica da materia para primeiro de Bacharelato.

b) Reforzar a aprendizaxe do inglés a través da incorporación parcial e progresiva desta

lingua como vehículo de comunicación na materia.

c) Facilitar a aprendizaxe de terminoloxía propia da materia en inglés.

d) Practicar as destrezas de comprensión, fala, lectura e redacción na lingua inglesa. O inglés usarase para: dar certas instrucións ao alumnado, explicar certos contidos, presentar e resolver certas actividades, interpretar gráficas, busca de información en internet, ler de forma comprensiva diversos tipos de textos, o visionado de vídeos e a participación en xogos axeitados á materia, etc.

e) Potenciar a habilidade e o interese do alumnado pola busca de información en inglés, fundamentalmente a través da internet.

f) Mellorar as destrezas comunicativas na lingua inglesa, de forma escrita e oral, co fin de potenciar de forma desinhibida o uso da mesma tanto dentro coma fóra da aula.

g) Potenciar a autonomía do alumnado para interpretar información subministrada en inglés, enriquecer o seu vocabulario e seguir mellorando na adquisición de destrezas neste idioma.

h) Fomentar a cooperación entre o alumnado e reforzar a autoestima do mesmo.

i) Fomentar que o alumnado coñeza e valore positivamente a diversidade lingüística e cultural, e a importancia do coñecemento dunha lingua estranxeira como facilitadora de intercambios persoais e culturais.

5. CONTIDOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

Os contidos a impartir serán acordes co establecido no currículo oficial da materia de Economía. Estes contidos aparecen especificados na programación feita polo Departamento de Economía para esta materia, e están agrupados nas seguintes unidades didácticas:

Unidade didáctica 1. Os principios básicos da economía.

- As necesidades primarias e secundarias.
- Economía e vida cotián.
- A escaseza de recursos e a necesidade de elixir
- Os distintos tipos de necesidades. Necesidades primarias e secundarias. A relatividade da

escaseza.

- Os bens e servizos que solucionan as necesidades. Clases de bens.
- Cómo elixir en economía. Principios básicos: custo de oportunidade, custes irrecuperables, análise marxinal e incentivos económicos.
- Perspectiva social da interacción económica.

Unidade didáctica 2. A produción e o crecemento económico.

- Os factores de produción
- Eficiencia e produtividade. A división do traballo. Determinantes da produtividade.
- Os modelos económicos e a súa linguaxe. O modelo económico da fronteira de posibilidades de produción
- As posibilidades de produción dun país. A fronteira de posibilidades de produción dun país. Produción potencial e eficiencia. Factores determinantes do crecemento económico.
- As claves do crecemento económico.
- Sectores económicos e interdependencia.

Unidade didáctica 3. Axentes e sistemas económicos.

- Os axentes económicos. Obxectivos, funcións e comportamento de economías domésticas, empresas e sector público.
- As relacións entre os axentes económicos. O fluxo circular da renda.
- Os sistemas económicos. Problemas básicos da economía: que, como e para quen producir.
- O sistema de economía de mercado. Fundamentos, vantaxes e inconvenientes.
- O sistema de planificación central. Fundamentos, vantaxes e inconvenientes.
- Os sistemas de economía mixta. Fundamentos, vantaxes e inconvenientes.
- O pensamento económico e os sistemas económicos. O liberalismo económico, o marxismo, o keynesianismo, corrente neoliberal.

Unidade didáctica 4. A empresa e as súas funcións.

- Especialización e necesidade de coordinación. Relación entre división do traballo, interdependencia económica e necesidades de coordinación.
- Funcións da empresa. A coordinación de factores produtivos. Creación de utilidade. Valor engadido.
- Funcionamento obxectivos e compoñentes da empresa. O ciclo de produción.
- A eficiencia na produción. Eficiencia técnica e eficiencia económica. A función de produción e os rendementos decrecentes.
- Custes, ingresos e beneficios. Custes fixos, variables, totais, medios e marxinais. Ingresos, beneficios e limiar de rendibilidade.
- Tipos de empresa segundo distintos criterios.
- O crecemento das empresas. Empresas multinacionais. Vantaxes e inconvenientes da súa localización.
- A responsabilidade social das empresas

Unidade didáctica 5. A oferta a demanda e o equilibrio de mercado.

- Intercambio e mercado. O mercado de bens e servizos. Os mercados competitivos.
- A demanda. A curva de demanda.
- Desprazamentos da curva de demanda. Causas.
- A oferta. A curva de oferta.
- Desprazamentos da curva de oferta. Causas.
- O equilibrio de mercado. Os excesos de oferta e demanda. Tendencia ao equilibrio. Modificacións do equilibrio de mercado a partir de desprazamentos da demanda e da oferta.
- A elasticidade-prezo da demanda: tipos e a súa influencia nos ingresos totais. A elasticidade-prezo da oferta.

<u>Unidade didáctica 6</u>. Modelos de mercado.

- A estrutura dos mercados.
- O mercado de competencia perfecta: características e comportamento. Vantaxes e inconvenientes
- O monopolio: causas de aparición, características e comportamento. Vantaxes e inconvenientes
- O oligopolio: características e comportamento. Vantaxes e inconvenientes. A teoría dos xogos.
- A competencia monopolística: características e comportamento. Vantaxes e inconvenientes
- A discriminación de prezos.

<u>Unidade didáctica 7.</u> O mercado de traballo e o emprego.

- O mercado de traballo e os seus compoñentes. Grupos de poboación en función do seu acceso ao mercado de traballo. Poboación activa, inactiva, ocupada e en paro. Factores que afectan á oferta e á demanda de traballo.
- Mercado de traballo, produtividade e salarios. Imperfeccións do mercado de traballo.
- O problema do desemprego. Medición do desemprego: métodos de cálculo e institucións que interveñen.. Taxa de actividade e taxa de paro. Causas principais do desemprego.
- Principais tipos de desemprego segundo as persoas afectadas e as causas co provocan.
- Políticas de emprego e evolución do mercado de traballo.

<u>Unidade didáctica 8.</u> Os indicadores económicos.

- A perspectiva global da economía. Microeconomía e macroeconomía. Os problemas macroeconómicos.
- A medición do crecemento dunha economía. Relación entre produción, renda e gasto. O fluxo circular da renda.

- O PIB, procedementos de medición. O valor engadido.
- Magnitudes derivadas do PIB.
- O PIB desde a perspectiva do gasto nacional. Os compoñentes do PIB: consumo, inversión, gasto público e exportacións netas.
- Da renda nacional a renda por habitante. Relación entre PIB e RN. A renda persoal dispoñible. A renda por habitante.
- A distribución da renda: funcional, espacial e persoal da renda.
- Críticas ao PIB coma indicador económico. Aspectos que non recolle o PIB. PIB e calidade de vida: indicadores alternativos.
- As relacións entre renda e riqueza nacional. Compoñentes da riqueza.

Unidade didáctica 9. A intervención do Estado na Economía.

- A evolución do Estado nos sistemas de economía mixta: do Estado gardián ao Estado protagonista. O Estado coma corrector dos fallos do mercado. Fallos de mercado.
- Os ciclos económicos (a contribución keynesiana).
- As externalidades. O Estado coma correctos das externalidades.
- Os bens públicos. Bens públicos puros e o consumidor parásito.
- A competencia imperfecta. A falta de competencia e o exceso do poder do mercado. A falta de información: a información asimétrica.
- Mercado e equidade. O Estado e a distribución da renda.
- As funcións do Estado. As medidas de política económica conxunturais e estruturais.
- A política económica e os valores dunha sociedade. Os conflitos entre valores.
- O Estado do benestar. Beneficiarios, presente e claves de mantemento no futuro. Evolución da Seguridade Social e situación actual en España.

Unidade didáctica 10. O equilibrio e os cambios na Economía.

- Funcionamento global da economía. As forzas internas do mercado. A demanda agregada

e o PIB.

- O consumo privado, os factores co determinan e os indicadores da súa evolución. O aforro e os factores co determinan.
- A inversión. Tipos e factores dos que depende. O efecto multiplicador da inversión e a súa cuantificación.
- A demanda e a oferta agregadas. Curvas de demanda e oferta agregada. O equilibrio macroeconómico.
- Os cambios na oferta e a demanda agregadas, e os seus efectos sobre o equilibrio. Os ciclos económicos.
- A economía somerxida. Dimensión e sectores. Problemas derivados da economía mergullada.

Unidade didáctica 11. As contas públicas e a política fiscal.

- Os compoñentes do sector público.
- O presupostos públicos. Equilibrio orzamentario. Superávit e déficit público. Relación entre débeda pública e déficit público.
- O gasto público: criterios de clasificación e principais tipos de gasto. A evolución do gasto público e as súas etapas.
- Os ingresos públicos: cotizacións sociais, tributos e outros ingresos. Manifestacións da capacidade económica. Principios de xustiza, capacidade económica, progresividade e solidariedade.
- Os impostos: directos e indirectos, progresivos, proporcionais e regresivos.
- Presión fiscal e estrutura impositiva en España.
- A política fiscal: natureza e tipos. A polémica sobre o déficit público.

Unidade didáctica 12. O diñeiro e a política monetaria.

- O diñeiro. Evolución, clases e funcións.
- A oferta e a demanda monetaria. Agregados de oferta monetarias.

- O prezo do diñeiro: o tipo de interese. Factores de influencia.
- Creación do diñeiro bancario. O coeficiente de caixa. O multiplicador do diñeiro.
- A inflación: causas, efectos e colectivos prexudicados e beneficiados.
- A medición da inflación. O IPC. O índice armonizado de prezos ao consumo.
- A política monetaria. Funcións do Eurosistema e o BCE. Instrumentos e tipos de política monetaria.

Unidade didáctica 13. O sistema financeiro.

- O sistema financeiro. Funcións. Intermediarios financeiros.
- Os activos financeiros. Características. Obrigacións e accións.
- O mercados de valores. A bolsa de valores: funcionamento e influenza dos tipos de interese.
- Os índices bolsistas.
- O mercado de bonos. Prima de risco e tipos de interese.
- Os mercados de futuros: os derivados financeiros.
- Craves para entender a crises financeiras. Enxeñería financeira.

Unidade didáctica 14. O comercio internacional e a balanza de pagamentos.

- As razóns do comercio internacional. Vantaxes do comercio internacional. O principio da vantaxe absoluta. O principio da vantaxe comparativa.
- Os factores da vantaxe comparativa. Outras craves do comercio internacional.
- Obstáculos ó libre comercio: o proteccionismo e medidas proteccionistas
- A balanza de pagamentos: conta corrente, de capital, financeira e de erros e omisións.
- O equilibrio da balanza de pagamentos. A conta de reservas.
- Tipo de cambio e mercado de divisas. Causas e efectos da apreciación ou depreciación dunha moeda.

- O intercambio entre distintas moedas: os tipos de cambio.
- Os sistemas de fixación dos tipos de cambio: flexibles, fixos e axustables.

Unidade didáctica 15. Integración e globalización económica.

- Cooperación internacional fronte a proteccionismo. Organizacións para a cooperación. O Fondo Monetario Internacional e o Banco Mundial. A Organización Mundial do Comercio.
- Cambios na economía mundial Do G7 ao G20.
- Procesos de integración económica. Vantaxes.
- A Unión Europea. Mercado común. Políticas comúns. Políticas rexionais e de cohesión. Presupostos da UE.
- A Unión Económica e Monetarias. O euro: implantación, vantaxes e inconvenientes.
- A globalización económica.
- Factores da globalización
- Dimensións e efectos da globalización.

Unidade didáctica 16. Os grandes retos da economía mundial.

- Os problemas globais da economía: desigualdades, externalidades negativas, o poder do mercado, goberno da economía mundial.
- Economía e medioambiente.
- Crecemento económico e medioambiental.
- As desigualdades e a pobreza no mundo. Baixo desenvolvemento: causas e características.
- Desigualdade nos países desenvolvidos.
- Crecemento económico e desenvolvemento. Desenvolvemento sostible.

6. CONTIDOS DE CARÁCTER LINGÜÍSTICO

Aparte dos contidos específicos, tamén se traballarán en colaboración coa persoa que coordine a sección bilingüe os seguintes **contidos de carácter lingüístico**:

- Léxico e expresións relacionadas cos temas tratados na materia.
- Vocabulario relacionado co mundo da economía, dos negocios e das tecnoloxías da información e comunicación.
- Expresións relacionadas coa dinámica de aula: saúdos, peticións de axuda, preguntas ou aclaracións, suxestións, interrupcións cortexes para aclaracións, etc.
- Estruturas básicas de comunicación para o traballo en grupo.
- Estratexias de transmisión de información esencial a outras persoas sobre o traballado, escoitado ou lido.
- Fórmulas lingüísticas (cortesía, acordo, discrepancia, etc.) asociadas a situacións concretas de comunicación.
- Estruturas e estratexias de redacción de textos e documentos traballados na materia.
- Fórmulas e estratexias de presentación de actividades ante os demais membros do grupo.
- Estratexias específicas para os estudantes da sección bilingüe sobre conversación, tradución, uso de ordenadores e certos programas informáticos e acceso recursos online en inglés.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Na ensinanza da materia respectaranse as estratexias metodolóxicas establecidas no programación da mesma, coas particularidades que se citan a continuación e que se consideran necesarias para o bo desenvolvemento da sección bilingüe.

A incorporación da lingua inglesa farase progresivamente, incrementando a súa presenza ó longo do curso, e sempre en función da competencia do alumnado nesta lingua. Para isto, terase en conta a seguinte información:

- A que reporte a avaliación inicial do alumnado.
- As competencias na lingua inglesa acadadas ata o de agora polo alumnado do grupo.
- As competencias na lingua inglesa que se espera que ese alumnado vaia acadando ao longo do curso.

Dadas as especiais características deste ensino utilizarase unha metodoloxía que facilite e potencie a interacción do profesorado co alumnado e deste entre si. Se combinarán diversas estratexias co obxectivo de asegurar a comprensión dos contidos da materia, pero sen renunciar ao uso do inglés naquelas situacións que sexa posible e axeitado.

Prestarase especial interese a que o alumnado vexa a sección bilingüe como unha oportunidade de mellorar a súas competencias lingüísticas en inglés, e por tanto as diversas actividades que se vaian propoñendo tratarán de fomentar a súa motivación, confianza, capacidade de esforzo e autonomía.

Para asegurar a comprensión do alumnado utilizarase material específico da materia na súa lingua propia, co apoio do material complementario en inglés que se estime pertinente ao longo do curso. Este material complementario será elaborado e adaptado polo profesorado, utilizando na medida do posible fontes orixinais (libros de texto dun nivel equivalente, información atopada na Internet, etc.)

Tratarase de que o alumnado vaia enriquecendo o seu vocabulario en inglés e a variedade das expresións a utilizar. Para isto irase confeccionando unha listaxe do vocabulario específico e as expresións máis importantes de cada unha das partes de materia coa correspondente tradución.

As actividades a usar buscarán a interacción entre os contidos lingüísticos e os contidos propios da materia, de xeito que ambos se reforcen mutuamente.

Tendo en conta a importancia do inglés no mundo da economía e dos negocios, o uso da lingua inglesa na sección bilingüe permitirá co alumnado teña acceso a un maior volume de información.

As clases da materia impartiranse nunha aula equipada cun ordenador e unha pantalla interactiva dixital. Para certas actividades puntuais, utilizarase a aula multimedia ou a aula de informática do centro, onde se pode combinar o traballo tradicional de aula co uso da pantalla dixital e de equipos informáticos para o alumnado con conexión a Internet. Polo tanto, a axuda na adquisición de competencias nas tecnoloxías da comunicación e información (competencia dixital) tamén está presente nos obxectivos da materia, e o uso do inglés daralle unha nova dimensión a este obxectivo, facilitando por exemplo o uso de termos que habitualmente son usados en inglés.

As clases da materia impartiranse nunha aula equipada cun ordenador e unha pantalla interactiva dixital. Para certas actividades puntuais, utilizarase a aula multimedia ou a aula de informática do centro, onde se pode combinar o traballo tradicional de aula co uso da pantalla dixital e de equipos informáticos para o alumnado con conexión a Internet. Polo tanto, a axuda na adquisición de competencias nas tecnoloxías da comunicación e información (competencia dixital) tamén está presente nos obxectivos da materia, e o uso do inglés daralle unha nova dimensión a este obxectivo, facilitando por exemplo o uso de termos que habitualmente son usados en inglés.

O uso do inglés verase facilitado pola posibilidade de uso de dicionarios de inglés tradicionais e electrónicos e de dicionarios on-line. Deste xeito o alumnado poderá buscar rapidamente palabras e expresións axeitadas nesta lingua ou traducións ao seu idioma dalgunha que non coñeza.

O uso do inglés será maior nas partes prácticas da materia, unha vez asimilados os contidos máis complexos e teóricos. Isto vai facilitar o uso do inglés en diversas situacións tales como:

O uso do inglés será maior nas partes prácticas da materia, unha vez asimilados os contidos máis complexos e teóricos. Isto vai facilitar o uso do inglés en diversas situacións tales como:

- Exposición de certos contidos ou presentación de certas actividades polo profesor/a.
- Lectura comprensiva de certos textos.
- Interpretación de esquemas e de gráficas.

- Interacción do alumnado co profesor/a no desenvolvemento das distintas actividades.
- Busca de certa información na internet.
- Presentación por parte do alumnado do resultado das actividades ou traballos realizados ao resto do grupo.
- Exposición das opinións e solucións do alumnado ante as cuestións ou problemas formulados.
- Uso de aplicacións informáticas (folla de cálculo, navegadores, buscadores, etc.)
- Proxección de vídeos relacionados coa materia e debate sobre os mesmos.
- Accións derivadas da propia dinámica da aula (saúdos, peticións de axuda, preguntas, aclaracións, suxestións, etc.)

Isto será aproveitado na medida do posible para que o alumnado perfeccione as súas destrezas lingüísticas en inglés. Tratarase de que o alumnado aproveite ao máximo o bagaxe de coñecementos que posúe en inglés e se esforce por ilo poñéndoo en práctica, e o vaia ampliando e perfeccionando ao longo do curso.

8. PAUTAS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO

Os criterios de avaliación propios da materia aparecen reflectidos na programación da mesma.

En canto a avaliación do proxecto, terá a finalidade de analizar se se acadan os obxectivos propostos coa implantación da sección bilingüe.

Fundamentalmente os aspectos a avaliar serán os seguintes:

- Se houbo unha mellora nas competencias lingüísticas en inglés do alumnado do grupo, e se grao de satisfacción do mesmo como resultado da experiencia é axeitado.
- Se as estratexias, material e actividades utilizados polo profesor/a para o desenvolvemento da sección bilingüe foron axeitados.

Con respecto ao primeiro aspecto as principais pautas a seguir serán as seguintes::

a) Información, coa colaboración da persoa coordinadora da sección bilingüe, sobre as competencias na lingua inglesa acadadas no curso anterior polo alumnado participante.

b) Realización dunha avaliación inicial ao principio do curso para ter unha idea máis aproximada dos coñecementos de inglés dos alumnos. Pare isto utilizarase unha proba específica na que se prestará especial atención ás capacidades de comprensión de textos sinxelos en inglés relacionados coa materia. Esta avaliación é de especial importancia para a planificación e o deseño das actividades que se realizarán ao longo do curso.

c) Realización dunha avaliación continua baseada na observación diaria na aula do progreso do alumnado a través da súa participación nas actividades propostas. Deste xeito tentaranse detectar as dificultades que se presenten e así poder corrixir a metodoloxía empregada para tentar solucionalas.

d) Análise, co apoio da persoa coordinadora da sección bilingüe, do nivel de competencias lingüísticas en inglés adquirido polo alumnado en cada avaliación.

e) Realización dunha enquisa ao alumnado do grupo para analizar o seu grao de satisfacción como resultado da experiencia.

f) Realización dunha avaliación final tendo en conta toda a información obtida ao longo do curso, co fin de verificar se o alumnado aproveitou a súa participación na sección bilingüe e se as súas competencias en inglés se viron melloradas significativamente.

En canto ao segundo aspecto, levaranse a cabo as seguintes accións:

- Supervisión pola persoa coordinadora do material específico en inglés usado polo profesor/a da materia.
- Colaboración coa persoa coordinadora da sección bilingüe na elaboración de material en inglés axeitado a usar na materia, e no reforzo de certos aspectos de carácter lingüístico.
- Autoavaliación da metodoloxía empregada polo profesor/a da materia ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Valoración da adecuación das actividades realizadas e a súa contribución á consecución dos obxectivos propostos, tanto en canto os contidos propios da materia como aos lingüísticos.

9. ORZAMENTO PREVISTO

Para o desenvolvemento do proxecto cóntase coa axuda do centro, e coa asignación orzamentaria que anualmente fixa a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e que se destina aos centros públicos da comunidade que contan con seccións bilingües.

O orzamento utilizarase para a adquisición de materiais relacionados co ensino plurilingüe, co obxectivo de facilitar o funcionamento do ensino CLIL no centro e a formación do profesorado implicado neste tipo de ensino.

Entre outros materiais a adquirir pódense citar os seguintes:

- Libros en inglés relacionados coa materia.
- Dicionarios de inglés para a aula.
- Material audiovisual e multimedia relacionado coa materia e coa opción de uso do idioma inglés.

Tendo en conta todo o anterior, a cantidade estipulada para levar a cabo este proxecto sería de un mínimo de **1.000 euros** en cada curso escolar. A isto habería que engadir os gastos de funcionamento do centro relacionados con esta ensinanza, e que non se poden concretar xa que poden variar cada ano.